

ADDENDA POLA QUE SE MODIFICA O CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO O 9 DE XUÑO DE 2025 ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E Dna. **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistrado co número 13 no Rexistro Oficial de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia creado por Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o día 9 de xuño de 2025 se asinou o Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co obxecto de colaborar na realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma. Con tal fin, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Xustiza, comprometeuse a aportar a compensación económica por un máximo de corenta e un mil cen euros (41.100,00 €) con cargo á aplicación 05.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Segundo. Que a Comisión mixta de Seguimento do Convenio, regulada na súa cláusula décima, se reuniu o día 07/10/2025 na sede da Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Na reunión, a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expuxo que a

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2^a planta
15781 Santiago de Compostela



día 7/10/2025 hai máis de 80 peticións de informes periciais psicolóxicos, sendo 64 o número máximo de informes que segundo o orzamento do convenio é posible financiar. A decana entende que se fai necesario ampliar o importe do Convenio subscrito o 9 de xuño de 2025, para dar cabida a todas estas peticións adicionais, cuxo importe aproximado é de vinte e catro mil euros (24.000,00 €). Solicitan, por todo o indicado e con base na cláusula novena do Convenio, unha ampliación de crédito polo importe referido para poder afrontar a demanda dos órganos xudiciais para a emisión de informes periciais, polo tempo restante da duración do Convenio e en prol de suplir a insuficiencia da achega inicial.

Terceiro. Que existe remanente de crédito na aplicación 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102 "A institucións xurídico-administrativas") dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 por contía de vinte e catro mil euros (24.000,00 €).

CLÁUSULA ÚNICA

Modifícanse as cláusulas terceira e cuarta do Convenio de colaboración, que quedan redactadas do seguinte xeito:

"Terceira. Compromisos.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente Convenio, incluíndo:

- A tramitación da petición dos xulgados e tribunais para a emisión dos informes periciais.*
- A selección dos/das psicólogos/as que vaian realizar os informes periciais, mediante a elaboración dunha lista específica.*
- A comunicación ao profesional asignado para a elaboración do informe pericial, mediante correo electrónico, outorgándolle un prazo de 4 días hábiles para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante a persoa funcionaria correspondente.*

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogo/as obxecto deste Convenio non conlevará o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2º planta
15781 Santiago de Compostela





O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a abonar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a compensación económica por un máximo de sesenta e cinco mil cen euros (65.100,00 €), concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente Convenio. Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a facilitarlles formación específica e espazos de traballo para a realización dos informes por parte dos psicólogos/as en cada unha das subdireccións do IMELGA.

A anterior compensación incluirá, por unha parte o abono da cantidade máxima de mil cincocentos euros (1.500,00€) pola organización da actividade realizada, e por outra banda o resultado de aplicar a cada informe o importe máximo de seiscentos dezasete euros e corenta céntimos (617,40 €), o cal incluirá todos os gastos xerados pola intervención pericial:

- Elaboración, redacción, emisión e entrega do informe.*
- Desprazamentos.*
- Aclaracións, ratificacións, asistencia e, en xeral, calquera actuación ante o órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.*

Cuarta. *Créditos orzamentarios e contías derivados do Convenio.*

O presente Convenio será financiado co orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cargo a aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0. A compensación prevista no presente Convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade psicolóxica ata un importe máximo de sesenta e cinco mil cen euros (65.100,00 €), que será aboada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia do seguinte xeito:

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os informes periciais efectuados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de seiscentos dezasete euros e corenta céntimos (617,40 €) por cada informe*

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2º planta
15781 Santiago de Compostela



tendo en conta a actualización do IPC, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial.

Se con posterioridade á encomenda xudicial dunha pericia, o órgano xudicial a deixase sen efecto e sempre que se acredite a súa iniciación, compensarase ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata un máximo dun 30% do importe do informe, en virtude do grado de execución.

- Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pola organización da actividade realizada cunha cantidade de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do Convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado”.

De conformidade con canto antecede, e no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben o presente acordo no lugar e data indicados.

O conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Deportes

A decana do Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Diego Calvo Pouso

M^a Rosa Álvarez Prada

